



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 165/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Á vista da providencia de Alcaldía dando inicio ao expediente de selección e contratación de persoal para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas .Socorrista

Segundo.- Á vista do informe emitido Secretaria-Intervención da Corporación, obrantes no expediente referenciado no encabezado.

Terceiro.- Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal e de conformidade co artito 21.1g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

Vista a proposta de resolución PR/2024/55 de 12 de xuño de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 12 de xuño de 2024.

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Aprobar a convocatoria e as bases de selección de persoal, nos termos en que figuran no expediente e que se adxuntan como anexo ao presente documento.

Segundo.- Publicar o anuncio da convocatoria e o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de As Nogais para maior difusión e remitilas á Oficina de Emprego de Becerreá, de acordo co establecido nas bases reguladoras de selección de persoal.

Terceiro.- Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así como dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568 /1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En As Nogais, na data da sinatura indicada á marxe. O Alcalde-Presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 86/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0086, coa finalidade da súa





transcrición ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 9ED49PNSHE3KDSERFHFZS4MNX
Corrección: <https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 12





BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE UN SOCORRISTA, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE MAIO DE 2024 DE SUBVENCIÓNS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NON ESPAZOS ACUATICOS NATURAIS E INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS.

PRIMEIRA. NORMAS XERAIS.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da orde do 27 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalación acuáticas descubertas, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024.

OCUPACIÓN: SOCORRISTA

Nº DE POSTOS: 1

SERVIZO: Servizo de Vixilancia, rescate e salvamento en instalación acuáticas descubertas.

DURACION CONTRATACIÓN: Dous meses.

A selección do traballador será mediante a presentación da oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de concurso.

SEGUNDA. MODALIDADE DO CONTRATO.

A modalidade será a de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, segundo o establecido no artigo 14 da orde do 27 de maio de 2024 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalación acuáticas descubertas, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024, en relación co establecido na disposición final segunda do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (405).

TERCEIRA. CONDICIÓN DE ADMISIÓN DE ASPIRANTE

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:





Requisitos Xerais:

- a) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido da aplicación do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
- b) Ter cumpridos dezoito anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación conlevará a perda do posto). No caso de que teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditaras coa oportuna certificación.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que se desempeñaban no caso de persoal laboral, de que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- e) Cumprir os requisitos para exercer as función que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto reglamentariamente.

REQUISITOS ESPECÍFICOS: OCUPACION SOCORRISTA

- a) Título de Graduado escolar ou similar.
- b) Requisitos específicos: A habilitación profesional para exercer a actividade de socorrismo en instalacións acuáticas. Estar en posesión do título/carnet oficial de socorrista acuático coa licenza anual en vigor.

Deberase acreditar a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas acuáticos e Galicia.

Excepcionalmente será aceptada a presentación da solicitude do rexistro xunto coa documentación necesaria do cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condición para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios





nos espazos acuáticos naturais e instalación acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo Decreto 43/2023, do 4 de maio.

No seu caso, as titulacións obtidas no extranxeiro deberán ser obxecto da correspondente convalidación ou homologación.

- c) Estar en posesión do Certificado que acredite NON CONSTAR na Base de Datos do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais do Ministerio de Xustiza.

Este documento pode ser obtido polo solicitante mediante a utilización do certificado electrónico ou DNI e na seguinte dirección: <https://sede.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Sede/es/tramites/certificado-registro-central>

Este requisito xuntarase unicamente polo/a candidato seleccionado/a, con anterioridade a sinatura do contrato, dentro do prazo previsto para a presentación da documentación.

Todos os requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día sinalado pola oficina de emprego.

CUARTA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACION DOS CANDIDATOS.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo coa formulación da oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. Non se requerirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación á correspondente oferta.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais e na súa páxina web, www.concelloasnogais.es.

Os candidatos/as desempregados deberán acompañar no día sinalado pola Oficina de Emprego, para a súa presentación no Concello de As Nogais, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias cotexadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos relacionándose no anexo II), obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo I (modelo de declaración responsable).





QUINTA. ADMISION DE ASPIRANTES

Despois da presentación de todos os candidatos incluídos na lista remitida pola Oficina de Emprego, a Alcaldía ditará unha resolución, no prazo máximo de 2 días, na que se declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que publicará no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais e na súa páxina web, indicárase un prazo de 2 días para a emenda. Este prazo de subsanación de defectos començará a contarse dende o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Unha vez transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nun prazo de 2 días, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais e na súa páxina web, na que se sinalará a composición do Tribunal, e a data e hora na que se constituirá o tribunal.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

SEXTA. TRIBUNAL CALIFICADOR.

O Tribunal calificador estará constituído por:

Presidente/a: Un empregado público con nivel de titulación igual ou superior ao exigido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao exigido para o acceso ao posto convocado.

Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao exigido para o acceso ao posto convocado.

Por cada membro do tribunal designarase un suplente cos mesmos requisitos e condicións.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituirse, nin actuar se a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros. Titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou convinte. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto





limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal, así como os asesores colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data de realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes realizarase por resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais e na súa páxina web.

SÉTIMA. SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estímase, que o procedemento de selección de aspirantes será o concurso, debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orde decrecente atendendo a puntuación obtida.

MERITOS

- 1) **FORMACIÓN:** Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 4,00 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados. Cursos de 10 horas a 40 horas: 0, 25 puntos.
Cursos de 41 horas a 75 horas: 0,50 puntos.
Cursos de 76 horas a 100 horas: 0,75 puntos.
Cursos de máis de 100 horas: 1,00 puntos.





- 2) **TITULACIÓN:** Valorarase neste apartado as titulacións académicas de nivel superior da requerida na convocatoria para o acceso, e relacionadas co posto de traballo, computándose unicamente o título de maior nivel dos alegados.

Titulación Universitaria: 1,00 punto.

Título de Ciclo Superior de F.P. ou equivalente: 0,75 puntos.

Título de Ciclo Medio de F.P. ou equivalente: 0,50 puntos.

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde de méritos anteriores (Do 1 ao 2).
- 2) Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

OITAVA. RELACION DE CANDIDATOS, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO.

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos exixidos na convocatoria, salvo que estén xa presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentaren a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos exixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas tosas as súas actuacións, sen prexuício da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Presentada a documentación, mediante resolución da Alcaldía citarase ao candidato proposto para a formalización do contrato laboral temporal a tempo completo, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable (405).





NOVENA. INCIDENCIAS.

O Tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, toda aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e a convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais e na súa páxina web, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Se optase por interpoñer un recurso de reposición postestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuício de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, O Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente que sexas de aplicación por razón de materia.

*Documento asinado dixitalmente ao marxe.





ANEXO I

MODELO DE DECLARACION RESPONSABLE

D/D^a.....con DNI
n^o.....e domicilio para efectos de notificación en
.....e teléfono
n^o.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO:

- a) Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria
 - 1) Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido da aplicación do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
 - 2) Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
 - 3) Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación conlevará a perda do posto). No caso de que teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditaras coa oportuna certificación.
 - 4) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que se desempeñaban no caso de persoal laboral, de que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
 - 5) Cumprir os requisitos para exercer as función que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto reglamentariamente.
- b) Que reúno os requisitos específicos desta convocatoria:

TITULACION: TÍTULO DE SOCORRISTA






SEGUNDO. Que reúne todas e cada unha das condicións exixidas nas bases que rexen o proceso de selección de un Socorrista.

TERCEIRO. Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas a selección de persoal laboral temporal, categoría Socorrista.

En.....a.....de2024

O SOLICITANTE,

Asdo.



SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AS NOGAIS

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o CONCELLO DE As Nogais, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o CONCELLO DE AS NOGAIS, con domicilio social na R/ ROSALIA DE CASTRO S/N.- 27677.- As Nogais.- LUGO. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente.O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o CONCELLO DE AS NOGAIS, calquera modificación que se produza nos datos achegados.





ANEXO II

RELACIÓN DETALLADA DE MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS

FORMACIÓN:

DENOMINACION	CENTRO DE IMPARTICION	HORAS

TITULACIÓN:

DENOMINACION	CENTRO DE IMPARTICIÓN

En,....., a..... de 2024

O SOLICITANTE,

Asdo.

